

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 25 DE XUÑO DE 2012. Nº 07/2012.**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVE (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)

D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **INDICE:**

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	pág. 3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	pág. 3
3.- Expediente de transferencia de créditos núm. 4-T/2012.....	pág. 5
4.- Expediente de crédito extraordinario núm. 4-P/2012.....	pág. 7
5.- Comparecencia do Sr. Concelleiro delegado de Facenda en relación coas débedas da empresa Geslander co Concello de Lalín.....	pág. 11
6.- Rogos e preguntas.....	pág. 11

=====

Sendo as dez horas do día 25 de xuño de 2012, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente titular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; asiste a Interventora Xeral *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do Concello Pleno do día 28 de maio de 2012. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

O edil socialista, *D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez* indicou que había varios decretos de importe reducido entre os que se daba conta ao Pleno, e en cambio existían varios decretos de maio e xuño deste ano, de maior transcendencia cos nomeados antes, nun dos cales se acordou a remisión do expediente da certificación da obra en litixio da denominada "*Ampliación do Auditorio municipal*" ao Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, e dos que o Sr. Alcalde non deu conta ao Pleno na sesión ordinaria e incumpriu a obriga legal que había.

Houbo de seguido un debate entre o dito edil e o Sr. Alcalde, *D. Xosé Crespo Iglesias* sobre este aspecto, sinalando este último que non había ningún problema en dar conta dos decretos, e que eses decretos estaban aí, tiñan coñecemento e o outro foi ao órgano xudicial.

Logo destas intervencións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de maio de 2012, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

### **3.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 4-T/2012.**

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a proposta da Alcaldía así como o informe da Intervención Municipal. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 21 de xuño de 2012.

Polo grupo de goberno, o edil delegado de facenda, *D. Manuel Gómez Estévez* indicou que este expediente contemplaba unha redución de cinco mil euros na redución que iría para Aspadeza que irían destinados a gastos correntes en parques e xardíns e outros espazos públicos.

Desde o grupo socialista, *D. Manuel María González Aller* expresou o seu desacordo coa proposta, xa que ía contra a súa liña política, por reducir gastos sociais e outros. Votarían non á proposta.

Brevemente o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** confirmou que sairía adiante porque había un acordo con Aspadeza e estaba xa pactado este tema.

Tamén a edil delegada de S. Sociais, **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey**, indicou que Aspadeza seguiría a realizar as mesmas tarefas que viña a facer ata hoxe, coidando dos maceteiros das rúas; o Concello compraría as plantas. Os cartos irían destinados a acondicionar xardíns. Indicou que había un documento asinado polos representantes de Aspadeza.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén indicou que discrepaba coa redución na subvención a Aspadeza. A eles non lle constaba que estivese pactado este tema, e menos que houberse consenso entre todos os membros da asociación Aspadeza. Non estaba de acordo con esta clase de redución no eido das axudas sociais.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** opinaba na mesma dirección que os edís anteriores. Non estaba de acordo coa redución de doce mil a sete mil euros na subvención de Aspadeza. Sería negativo no caso de que non houberse acordo, neste caso votaría sí. Outra cousa sería mellorar e favorece a esta clase de entidades. Apoiaría a proposta.

Rematou o debate o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**. Amosou un documento que indicaba que estaba asinado o acordo con Aspadeza. Dixo que a solución era propia destes momentos de crise económica. Xa se verá como se coidarían os xardíns, se as plantacións as faría o Concello ou doutro xeito.

Indicou que a política de redución afectaba a todos, entre outras razóns porque non quedaba máis remedio. *“Se empeora a situación, ímos todos ao tacho”*, dixo. A recadación en vía executiva ía diminuír e había que equilibrar as contas.

Sometido o expediente a votación ordinaria a man alzada, obtívose o seguinte resultado:

**Votos a favor:** 15 (quince), sendo catorce do PP e un do PGD.

**Votos en contra:** seis (6), sendo catro do PSdeG-PSOE e dous do BNG

**Abstencións:** ningunha.

En consecuencia, **aprobose o expediente**, co seguinte contido:

No presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2012 dotouse a aplicación orzamentaria 231.489.11 cunha subvención nominativa para a Asociación ASPADEZA por importe de 12.000 €. Non obstante, polas razóns expostas pola Sra. Concelleira delegada de Benestar e Emigración na proposta que se achega a este expediente, considérase oportuno reducir a subvención prevista inicialmente, deixándoa en 7.000 €.

Como consecuencia do exposto e ante a necesidade de acomoda-los créditos de determinadas partidas orzamentarias ós gastos que se prevén, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de transferencia de créditos núm. 4-T/2012 consistente en transferencias entre partidas que pertencen a distintas áreas de gasto, nos termos seguintes:

A)- APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS DAS QUE SE TRANSFIRE CRÉDITO:

Aplicación	Denominación	Importe €
231.489.11	Acción Social. Subvención Asociación ASPADEZA	5.000,00 €

TOTAL BAIXAS.....5.000,00 €

B)- APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS QUE RECIBEN CRÉDITO:

Aplicación	Denominación	Importe €
171.621.00	Parques e xardíns	5.000,00 €
	Terreos e bens naturais	
	TOTAL AUMENTOS.....	5.000,00 €

O importe dos créditos que se pretenden minorar é igual ós dos créditos a incrementar, polo que se conserva o equilibrio presupostario esixido polo artigo art.16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 22/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

#### **4.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 4-P/2012.**

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a proposta da Alcaldía así como o informe da Intervención Municipal. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 21 de xuño de 2012.

Polo grupo de goberno, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez** explicou a proposta e indicou que este expediente tiña por obxecto en primeiro sufragar os gastos de compra dun equipo de bacheo; en segundo lugar, dotar de equipamento á piscina municipal, e finalmente destinar os gastos recollidos no mesmo para a reapertura do parking Europa, ata que se diriman as responsabilidades. Para elo encargouse un informe, pagouse, e facíase o que nel se dicía. Ao final faranse as contas e dirimiranse as responsabilidades neste expediente.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dividiu a proposta en tres partes. En canto ao tema do bacheo pensaba que non era unha necesidade imperiosa do Concello. Había dous equipos: un do Concello e outro da Mancomunidade.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que Lalín non ten, nin tivo nunca ese equipo aludido; contaba unicamente co da Mancomunidade que lle daba servizo durante unhas seis semanas ao ano.

Seguiu a falar **D. Manuel María González Aller** dixo que o seu grupo prefería gastar estes cartos noutros fins como era a promoción do emprego ou en servizos sociais, en moitas outras cousas máis prioritarias.

Aludiu a que o Concello dispuña doutros ingresos, como era a participación na liquidación do Estado do ano 2010 que estaba xa comunicada, cunha cantidade importante. Tamén sinalou que habería un incremento na recadación do IBI deste ano pola suba aprobada polo goberno Central. Sobre o tema da piscina municipal reiterou o dito noutras ocasións, no sentido de que xa deba estar en funcionamento total por parte do equipo de goberno, indicado que non se deixou nada

para baixas.

Sobre os gastos do parking, sinalou que este tema parecíalle un esperpento, un punto e aparte. Levaba moito tempo cun descontrol total, segundo el.

O informe feito e pagado, que custou tres mil euros, indicaba que había que gastar noventa mil euros nos arranxos para a súa posta en funcionamento. Pero coidaba que non estaba correctamente feito, porque non se fixo exhaustivamente sobre todo o material, xa que máis da metade do material estaba embalado e non puido ser examinado, e así o indicaba no propio informe o técnico. Polo tanto, non tiña validez algunha para o fin que se encargou, podendo ben prescindirse do mesmo.

Doutra banda estaba o tema do derrubamento parcial do parking e o proceso de legalización xudicial que aínda non acabou. En resume votarían en contra.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén indicou que na proposta había tres asuntos distintos que había que diferenciar: en canto ao primeiro, o tema da compra dun camión, indicou que nun tempo de crise coma era este, aos cartos municipais había que sacarles o máximo rendemento posible.

Sobre o tema da piscina, como dixera noutras ocasións, parecíalle un saco sen fondo, e o colmo dos despropósitos. Lembrou que houbo xa outros gastos neste asunto, tales como os da acometida da luz e o transformador de Unión Fenosa que deberan estar xa contemplados no proxecto inicial nin previstos a estas alturas.

Sobre o tema do parking tras dous anos e medio ou tres pechado coidaba que non había tanta presa en facer este gasto.

Lembrou que a este Pleno non se lle deu conta das xestións feitas sobre o conflito e os contenciosos en curso, sobre a reposición da legalidade, había que sacalo adiante, e liquidar con Portas y Acuña. Non estaba de acordo, e para o seu grupo este gasto último era un despropósito máis dos que realizaba o grupo de goberno.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** sinalou que o tema do camión de bacheo era buscar unha formula propia que fose eficaz e os métodos máis axeitados para bachear as vías locais.

Sobre o tema da piscina tamén vía necesario e lóxico acometer o equipamento da instalación. Non obstante indicou que neste tema faltaba previsión e máis concreción por parte do equipo de goberno.

No que se refería ao parking e ao informe, precisou que as obras feitas serían necesarias para abrir a dita instalación ao uso público, pero tamén que non coñecía nin o documento, nin o resultado final.

En suma coidaba que había razóns en contra, a favor, pero tamén puntos escuros neste expediente. Por elo absteríase.

Na segunda rolda, **D. Manuel Gómez Estévez** reiterou que as actuacións previstas neste expediente eran necesarias. Que a liquidación do ano pasado estaba aprobada, e reflectía o equilibrio entre gastos e ingresos.

Insistiu en que o equipo de bacheo era necesario, porque o actual equipo da Mancomunidade non era suficiente para atender os moitos quilómetros de pistas que tiña Lalín.

Sobre a piscina dixo que o diñeiro para esta obra veu do Plan E e non ía o equipamento nin a luz. *“Por iso había que metelo. O diñeiro foi o que foi, e non houbo máis”*, afirmou.

Sobre o tema da luz da piscina tamén explicou que inicialmente viría do Lalín Arena. Unión Fenosa aceptou isto inicialmente; pero logo dixo que non; por iso había que facela agora.

Coa acometida eléctrica, sucedía que ningún proxecto contemplaba isto, o mesmo que o equipamento interior, xa que había o diñeiro que había.

En relación co tema do parking expresou que o interese do Concello era poñelo a funcionar o antes posible e aminorar as incidencias que houbese. Para elo fíxose un estudo técnico por persoas capacitadas e se propuña agora no expediente o que se contiña no mesmo. *“Se vos tedes outra solución mellor, dicilo e aforrariamos 3000 euros”*, díxolles, dirixíndose aos voceiros socialista e nacionalista..

Por alusións, o edil socialista, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** dixo que ese informe podía facelo calquera de nós e tería a mesma validez práctica.

O mesmo pensaba o voceiro socialista, **D. Manuel María González Aller**, que repetiu o mesmo: que por tres mil euros e visto o texto do informe, eles faríano e máis barato, poñendo o que puxeron: a metade das cousas que puideron ver e coas mesmas indicacións.

Interveu o Sr. Alcalde. **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que se encargou a unha empresa a redacción do dito informe porque o Concello carece de técnicos cualificados para este traballo. Sobre a obra do parking e a demolición parcial de máis de mil metros cadrados coa supresión de sesenta e unha prazas de aparcamento apuntou que se fixo todo o que mandou o órgano xudicial. Despois, indicou que habería que negociar coa empresa Portas y Acuña S.L, e tentaríase chegar a un acordo coa mesma, algo que non sería fácil; pero o Concello defendería os intereses municipais e negociaría coa mesma. Salientou doutra banda que o grupo socialista sempre cuestionaba as decisións municipais neste tema, e este era un caso máis.

Continuou a súa intervención o voceiro do grupo socialista, preguntando se: *¿a piscina municipal vai permitir realizar competicións?, ou: ¿está en condicións de ser homologada para competicións a nova piscina municipal?*

Lembrou que había clubs que actualmente competían. Por elo repetiu que quería un informe no que se diga se é ou non é homologable para competicións a nova piscina.

Dende o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** reiterouse no xa dito, insistindo en que no rural había moitas pistas, e algunhas delas en malas condicións, polo que necesitaban o seu arranxo.

De seguido, o **D. Xosé Crespo Iglesias** volveu falar deste tema, recoñecendo a situación, pero tamén expoñendo os moitos quilómetros de pistas, e os custes que ocasionaba o seu mantemento.

Brevemente, **D. Camilo Conde López** ratificouse no xa dito.

Finalmente o **Sr. Alcalde** reiterou que cumpría adquirir a maquinaria como algo necesario para o futuro, e poder manter as pistas municipais no mellor estado posible. Sobre a piscina sinalou que cando se fixo o proxecto había os cartos que houbo, o arquitecto **D. Santiago González**, da empresa Naos, redactou o proxecto, e agora houbo cambios como era a caldera de pellets, que era máis barato ca caldeira de gas inicialmente prevista. Tamén outras instalacións da piscina que resultaba máis económico compralas que trasladar á nova piscina as existentes ou mesmo arranxalas.

Sobre o asunto do parking, salientou o xa dito antes: que ao Concello lle conviña abrir canto antes esta instalación. Agora estes gastos de reapertura asumiríanos o Concello, o mesmo que fixo coa obra. Logo habería outra batalla que sería a de determinar as responsabilidades dos feitos e as compensacións no seu caso coa empresa concesionaria. O Concello defenderíase e buscaría o entendemento, pero sempre defendendo os intereses municipais.

Non habendo máis intervencións, pasouse a votación ordinaria a man alzada do expediente, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* 14 (catorce) dos concelleiros do PP.

*Votos en contra:* seis (6), sendo catro dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous dos do BNG.

*Abstencións:* unha (1) do concelleiro do PGD.

Xa que logo, **aprobose o expediente** con base nos seguintes antecedentes:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 4-P/2012 a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito extraordinario para facer fronte á execución dos investimentos que se indican.

Para levar a cabo un axeitado mantemento das vías públicas municipais é necesario adquirir o equipamento adecuado, composto por unha pala retroescavadora e un camión de bacheo, sendo a adquisición mediante compra a mellor opción dende o punto de vista económico, sendo polo tanto o máis favorable para os intereses municipais.

Así mesmo, para a posta en funcionamento da nova piscina municipal é necesario dotala do equipamento preciso para o seu normal funcionamento, composto por corcheras, equipo de control de accesos (torno, lector e acreditacións) taquillas, bancos e percheiros.

Por último, en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do tres de maio de 2012 relativa á contratación do servizo de realización dunha auditoría do estado actual das instalacións do Parking Europa e valoración económica da súa posta en marcha, a empresa Galega de Enxeñería e Instalacións, S.L valorou en 91.208,19 € o custe do investimento que é necesario realizar para a reapertura do aparcamento, sendo necesario realizar o gasto, e sen prexuízo da eventual depuración da responsabilidade polos danos causados que procedera.

Xa que logo o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación presupostaria, consistente nun Crédito Extraordinario nº 4-P/2012 financiado con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u> €
453.623.00	Estradas. Maquinaria, instalacións técnicas,..	226.206,00
342.623.25	Instalacións deportivas. Equipamento nova Piscina municipal	26.745,97
133.633.07	Ordenación do tráfico e do estacionamento. Equipamento reapertura Parking Europa	91.208,19
	TOTAL ALTAS .....	344.160,16 €

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

O Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2011, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, consérvase o equilibrio presupostario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente,



sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 22/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

#### **5.- COMPARECENCIA DO SR. CONCELEIRO DELEGADO DE FACENDA SOBRE AS DÉBEDAS DA EMPRESA GESLANDER CO CONCELLO DE LALÍN.-**

Deuse conta pola Presidencia da aprobación polo Pleno Municipal na sesión do 2 de maio de 2012 da comparecencia na sesión plenaria do 28 de maio e postergada á presente sesión do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda contida na moción do grupo municipal socialista do 23 de abril de 2012 presentada o día 24 de abril co número de rexistro 2714 que conta con ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do 26 de abril de 2012.

Brevemente o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que na sesión plenaria do 28 de maio de 2012 acordouse que a comparecencia tivera lugar na sesión ordinaria de xuño. Non obstante, coidaba que tendo en conta a normativa vixente de protección de datos, o edil comparecente respondería por escrito e daría deste xeito ás respostas ás preguntas, e logo o grupo socialista podería facer o uso que quixera das mesmas. Deste xeito non constaría na acta da sesión, e sería o grupo solicitante quen dese publicidade dos datos en relación coa obra acometida na zona de O Regueiriño.

Interveu **o Sr. Secretario** para expoñer o que pensaba deste tema. Así indicou que en principio estabamos a falar da actividade dunha empresa privada, e todo o que se dixera tería transcendencia na mesma. Había dúas partes na comparecencia: unha que se refería ás condicións urbanísticas do solar que o Concello vendeu á mesma, e a outra sobre as débedas da mesma co Concello. Da primeira coidaba que non había razón para non debater en sesión plenaria; da outra, coidaba sen embargo que sería máis conveniente tratalo nunha sesión de comisión informativa ordinaria ou especial que se celebrase ao efecto, porque se falaría a actividade da empresa, algo que tería efectos negativos na mesma.

Desde o grupo socialista **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** salientou que a comparecencia estaba aprobada nunha sesión plenaria e posposta noutra. Pensaba tamén que se o grupo de goberno lle entregaba as respostas por escrito, en realidade non comparecía, e por iso o lóxico era que recoñecera que non ía comparecer.

Tras varios minutos de debate sobre estes aspectos, o Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que o edil comparecería no seu caso, se así se aceptaba, e entregaría as respostas por escrito ao grupo solicitante, para que logo este grupo faga o uso e a utilización que coide conveniente e baixo a súa responsabilidade.

Non habendo acordo, **o Sr. Presidente** retirou este punto da orde do día da sesión plenaria, comprometéndose a, cando se lle pida ao efecto, convocar unha sesión da comisión informativa especial ou extraordinaria para debater sobre os asuntos obxecto desta comparecencia. Rematou afirmando que xuraba polo seu honor que non houbo trato de favor desde o Concello á empresa afectada.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

PSDEG-PSOE.-

De xeito oral durante a sesión.

D. Manuel María González Aller.-

PREGUNTA.- ¿Hai algún informe técnico que indique se a nova piscina municipal recen construída está homologada para realizar nela competicións oficiais? ou ¿reúne ou non as condicións para ser homologada para competicións oficiais?

***O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.***

De xeito escrito durante a sesión.

D. Manuel María González Aller e D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez

En relación coa situación de excedencia do arquitecto técnico municipal, este funcionario solicitou por escrito pasar á situación de excedencia por motivos de interese particular o 2 de xullo de 2007, pero en escrito posterior de 2 de outubro de 2007 entrega no Concello novo escrito solicitando a paralización da concesión da excedencia por ter variado as circunstancias que motivaran a anterior. A pesar diso e sen que mediase ningún outro escrito (polo menos que así conste no expediente solicitado para consulta), por Decreto da Alcaldía do 26 de novembro de 2007 concédeselle a excedencia por 2 anos, excedencia que se materializa con data de inicio do 1 de decembro de 2007 por un período máximo de 2 anos.

Con data 25 de novembro de 2009, o funcionario remite escrito ao Concello solicitando o seu reingreso ao posto de traballo, sen que houbera ningunha resolución ao respecto.

1.1.-PREGUNTA.- ¿Como é posible que se conceda unha excedencia voluntaria a un traballador municipal cando éste ten presentado un escrito de renuncia á súa petición inicial de excedencia?

***O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.***

1.2.- PREGUNTA.-¿Por qué non se contesta ao escrito de solicitude de reingreso do 25 de novembro?

***O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.***

1.3.- PREGUNTA.- ¿En que situación laboral administrativa (respecto loxicamente do seu posto no Concello) estivo o funcionario en todo o tempo transcorrido entre a finalización dos dous anos de excedencia e o 25 de maio de 2011, case 4 anos despois, data na que, despois dunha comunicación dun xulgado solicitando informe sobre a situación de excedencia do funcionario en cuestión, por decreto da alcaldía, se lle require ao funcionario para que se incorpore ou solicite a prórroga da excedencia voluntaria?

***O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.***

PGD

D. Camilo Conde López.

**1.1- ROGO.-** O derradeiro xoves día 14, ó pasar polo Paseo do Pontañas á altura do tramo sinalado entre o qm 0,5 e 1, razón que me posibilitou comprobar un feito pouco grato; xa que acababan de talar pólas frutais das fincas colindantes e próximas ó paseo, en plena época de produción e cargados de froitos (ciroleiros, cerdeiras, nogueiras, maceiras, etc. alegando que dificultaban, segundo manifestou un dos operarios, o acceso da máquina cortacésped, cando as árbores que se encontran no paseo o teñen invadido selvaticamente, onde a anarquía é evidente chegando en moitos casos a tapar as ventás existentes en eses edificios. Entendo que este feito é lamentable por varias razóns:

1ª.- Trátase de árbores de propiedade privada e, aínda que fose solo por consideración, deberíase contar coa aprobación dos donos dos mesmos.

2ª.- Que as épocas de tala son de todos coñecidas e non é entendible que se faga no momento de maior actividade desas árbores coa perda dos froitos de calidade e moi apreciáveis e que incluso podería ser útiles para as persoas e máxime nun momento de crise como estamos a vivir. Rematou aclarando que lle parece unha auténtica incongruencia e motivo suficiente de descualificación ao responsable desta iniciativa, cando que durante todo o ano e acorde o seu momento non se debeu cortar o céspede, en fin que feitos como este se corrixan no futuro e sobre os responsables se depuren responsabilidades”

**O Sr. Presidente quedou enterado.**

1.2.- **ROGO.** Informa que, si ben sempre defendo e defenderei a legalidade, veño comprobando que, a pesar da situación legal que afecta á Zona Azul, non existe máquina expendedora de discos, nin se informa onde se poden solicitar. Isto motiva cabreos por parte dos visitantes ó comprobaren que foron sancionados. Afirmo que coñece varios casos de seren sancionados no intervalo necesario para proverse do disco. A pesar da situación, algúns axentes non tardan nin cinco minutos para poñer a sanción.

Estas actitudes non son facilmente entendidas polos condutores atendendo ás circunstancias anteditas, e dende logo distan moito de atraer xentes a Lalín.

Solicita que se coloquen as máquinas expendedoras canto antes e que o responsable dos Axentes Municipais lles dea as instrucións precisas para que ó menos lle deixe o tempo suficiente para salvar estas eventualidades das que os visitantes non teñen culpa algunha. Fagamos que Lalín sexa máis agradable.”

**O Sr. Presidente quedou enterado.**

**2.- PREGUNTA.-** ¿Que criterios e que orde de prioridades ou de actuación seguiu o grupo de goberno para actuar e levar a cabo as obras de arranxo, acondicionamento e adaptación nos centros sociais das parroquias?. ¿En base a que se actúa ou se obra nas ditas instalacións?

**O Sr. Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias,** indicou que desde o Concello se levaron a cabo obras na práctica totalidade dos centros sociais que hai en Lalín, aínda que neste intre ten dúbidas sobre as obras que se fixeron exactamente en cada un deles. Lembrou que o último construído foi o de Donramiro; tamén mencionou a construción dos auditorios de Muimenta e Vilatuxe porque contaban con bandas de música.

*Había que saber que a que centros sociais se refería o dito edil.*

**3.- PREGUNTA.-** Insistiu **D. Camilo Conde López** neste tema. Preciso que o que quería

saber era o criterio que tiña o grupo de goberno para actuar nos centros sociais, e saber se tiña ou no vixencia o mesmo, reclamando en última instancia un informe municipal para saber as obras e os centros sociais onde se actuou.

**O Sr. Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

E, sendo as once horas e trinta e oito minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace  
O Alcalde-Presidente